



Curso 2006/7
número 3

Boletín de biblioteca

2007 Ano Internacional da Ciencia

Artigos de interés especial

- Ano da Ciencia
- Cristóbal Colón
- Día do libro
V Xornadas
literarias

Destacable:

- Novidades
- Topónimos
- Premiados

Tódolos días hai datas para recordar: 21 de marzo Día Internacional da Poesía, 22 de marzo Día Mundial da auga, 26 de marzo día do Teatro..., pero tamén hai anos dedicados os temas que moven o mundo. Neste ano temos que fixarnos na ciencia, tendo en conta que a ciencia é todo o que nos rodea.

Ciencia é o milagre da natureza, ciencia é o corpo humano, ciencia é cómo nos relacionamos entre nós, cómo vémo-lo mundo... pero ás veces as cousas non están tan claras como parecen...


Poucas veces parámonos a pensar que o proceso pólo que somos capaces de percibir a realidade é bastante complexo.

Sen embargo, as nosas percepcións visuais non son simples reflexos dos estímulos exteriores, senón que, como xá dixera no século XIX o psicólogo americano William James, "mentres que gran parte do que percibimos nos chega dos obxectos que están ó noso arredor a través dos sentidos, outra parte, (quizais a máis importante) vén sempre da nosa mente". Isto significa que dúas persoas poden estar ante a mesma realidade, pero interpretala de xeito moi diferente.

Facemos unha proba? Estamos ante uns mozos ou ante uns vellos...?



É un pato ou un coello?



A cascada imposible, onde cae a auga?



Se queres ver máis entra en www.cybercolegas.com/opticas.htm

V Centenario da Morte de Cristóbal Colón: Sabías que....?



Enigma ???

“Cómo se chamaba o cartógrafo que fixo o mapa que lle sevíu a Colón para chegar a América”.



Aínda que se considera a Colón xenovés, o caso é que nunca escribiu en italiano.

Antes que Almirante, na súa xuventude foi pirata a soldo, e atacou os intereses de Juan II de Aragón, pai de Fernando o Católico. Pecadillos de xuventude, debeu pensar o Rei Católico cando accedeu a financiarlle a expedición ás Indias e descubriu América!

Pero escándalo! Colón non foi o primeiro en chegar a América, verás... é moi posible que manexara información privilexiada sobre a existencia de terras ó Oeste grazas a un náufrago quen, arrastrado polo vento dende África ó Caribe, conseguira voltar e contar cousas..., ademais existe un mapa de 1418 que amosaba América do norte e do sur, feito polo almirante chinés Zheng Hu, 70 anos antes do Descubrimiento de 1492!

E aínda mais atrás no tempo, no ano 1000 aprox. o viquingo Leif Eriksson pisou o continente americano.

Na época de Colón, pensaban que se navegabas polo océano Atlántico desaparecías caendo polo borde do mundo porque a Terra era chá e ademais o centro do universo!. Lástima, en realidade somos un chicharo cativo perdido nun recuncho do infinito!

Como Colón errou os cálculos de distancia entre Europa e Asia, seguindo o mapa de **???**, estivo a piques de ser linchado pola tripulación, que quería voltar pola inquedaanza, a fame e a enfermidade.

Cando Rodrigo de Triana berrou ás dúas da madrugada dende a carabela A Pinta “terra!” foi merecedor da recompensa ofrecida polos Reis Católicos de 10.000 marabedís. Pero Colón, pelín xetas, dixo que a vira el primeiro.

O primeiro porto ó regreso da primeira viaxe foi ... Baiona! Podes visitar unha reprodución da carabela A Pinta no peirao desta vila ó sur da nosa terra galega.

Á volta da primeira viaxe, durante unha comida díxéronlle a Colón que calquera podería ter chegado ás Indias pois a única dificultade era ser o suficientemente aventureiro como para navegar cara a Occidente. Colón pediu ós comensais que puxeran un ovo en pé. Todos comezaron a darlle mil voltas, sen conseguilo. Unha vez convencidos da imposibilidade da tarefa, déronse por vencidos. Colón tomou o ovo e golpeouno sobre a mesa, rompendo o seu extremo e deixándoo en pé. “É a cousa máis sinxela do mundo, calquera pode facela despois de que se lle diga como”, espetoulles o Almirante.

Na súa derradeira viaxe chegou a Xamaica cunha avaría. Como os nativos non querían axudalo, e el sabía que habería unha eclipse lunar, díxolles que apagaría a Lúa se non lle botaban unha man. Cando efectivamente a Lúa desapareceu, os indíxenas decidiron se amables con el. O medo é libre!

Colón morreu en Valladolid pobre, só sen pena nin gloria, ignorando que descubrira un novo continente, (para el Cuba era Xapón e o continente, China), que nin sequer levou o seu nome, senón o do explorador Américo Vespuccio. Iso si, logo de morto seguiu viaxando; de Valladolid a Sevilla, Santo Domingo na República Dominicana, A Habana en Cuba e regreso a Sevilla. Así que hoxe temos ósos, pero son realmente os do Almirante?

Asunto para un CSI, ou non?

Temos a película có número de rex. 5163, se a queres ver só tela que levar para o fin de semana. Pregunta na biblio!

Topónimos

Sabes onde está Mexacabra, e que significado ten?

Seguro que coñeces a túa comarca perosóache o lugar de **Mexacabra**? Que podes dicir do seu significado? Escríbeo na tarxeta da última páxina e se acertas terá un premio.

IES Fernando Esquío

Empedrón 16

TELÉFONO:

981391080

FAX:

981391280

E-MAIL

fesquío_biblio@hotmail.com

Visítanos na páxina:

www.opacmeiga.rbgalicia.org



Día do Libro:

V Xornadas literarias dedicadas a Marcel Proust

Cada mes de abril no noso concello celébranse unhas xornadas literarias dedicadas a un escritor importante da literatura universal. Este ano dedícase a Marcel Proust e haberá varias ponencias sobre a súa obra (entre elas as dos alumnos do IES Fernando Esquío), unha visita guiada ó París do autor, un concerto de música francesa, proxección de dúas películas e unha lectura colectiva trilingüe das súas obras en galego, español e francés.

As xornadas terán lugar na Casa da Cultura os días 19,20 e 21 de abril, a inscrición é gratuíta e podemos aprender moito sobre este autor, anímate e inscíbete no concello, obterás un crédito de libre configuración para os teus futuros estudos universitarios.



Premios e Premiados

O enigma

Sergio Loureiro Dopico de 3º da ESO acertou o enigma do 1º número do noso boletín, o nome da cidade onde estivo a biblioteca máis grande da Antigüidade é **Alexandría**.

Topónimo

A Picota está na parroquia de Anca e o nome vén dun monumento en forma de columna de pedra no que se exhibían publicamente as cabezas dos axustizados e se expoñían os reos á vergoña pública.

Concursos

No concurso de carteis sobre os Dereitos Humanos as gañadoras foron **Anais Hermida Martínez** e **Alba Permuy Martínez** de 3º da ESO


No Día Internacional da Muller fíxose un concurso sobre as mulleres e a ciencia e as gañadoras foron **Silvia Casal Torrente** de 2º da ESO e **Carolina García Meijide** de 4º da ESO



----- cortar pola liña -----

Nome e grupo:		
Suxerencias		
Autor	Título	Formato


Novidades



Marín, Andreu: **El diario rojo de Flanagan** nº 5104
Non era o aburrido día que Flanagan esperaba, de xeito dende que atopou a Carlota todo cambiou na súa vida



Lienas, Gemma: **El diario rojo de Carlota** nº5117
Que ocurriría se a explosiva Carlota e Flanagan o famoso detective-, se coñeceran, intimaran, estableceran relacións sentimentais?



Williams, Marcia: **The Adventures of Robin Hood**. Nº 5152
Se queres ler a historia de Robin Hood en inglés aquí tes o cómic para non perder detalle.



Es un fan de Bart Simpson? animate có cómic das súas aventuras.
Groening, Matt :**Big Bouncy Book of Bart Simpson** nº 5067



Alfaya, An: **O cero escuro** Nº 9622
Nadia, unha adolescente tímida e con problemas familiares, vive o espertar do seu primeiro amor. O que está a sentir por Manel abre a súa personalidade, que deixa de ser a dun cero escuro, a cifra á marxe coa que ninguén conta.



Aneiros, Rosa: **Resistencia**. Nº 7381
Dinís e Filipa namóranse perdidamente sen calibrar as consecuencias. O Pinhal do Rei, no oeste portugués, converteuse no testemuño da vida. Pero ninguén pode escapar ós designios do tempo e a vida dos amantes viuse marcada polas adversas circunstancias políticas que desangraron Portugal ata a Revolución dos Caraveis.



Moure, Teresa: **Herba Moura** . Nº 7379
Obra gañadora do Premio Xerais 2005, trasládanos ao século XVII, onde nos atopamos coa figura dun Descartes humano e fráxil e dúas mulleres: a raíña Christina de Suecia e Hélène Jans, unha entrañable meiga residente en Amsterdam.



Funke, Cornelia: **Igrain, la valiente**. Nº 9632
Ante a ameaza á súa familia do malvado Gilgalad, Igrain, que aínda non aprendeu as artes máxicas que precisa, ten que saír en busca de axuda.

O **MARCA** o temos os luns e venres

SOLUCIÓNS

Enigma : O cartógrafo de Colón foi

Topónimo: A Mexacabra é, e está en